

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de outubro de 2008

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

D. Carlos López Font

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Xesús López Carreira

D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e catro de outubro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1647).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1648)..- PROXECTO DE ORZAMENTOS MUNICIPAIS DO ANO 2009.

Sometido a acordo do Goberno municipal o proxecto de orzamento xeral municipal para a anualidade 2009 e vistas as propostas de orzamento dos distintos organismos autónomos municipais remitidas polos respectivos órganos competentes, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co sinalado no artigo 127.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, acorda:

Primeiro.- Aprobar como proxecto o orzamento xeral municipal para a anualidade 2009.

Segundo.- Remitir o proxecto de orzamento xeral e o expediente tramitado, no que consta a correspondente proposta, ao Pleno do Concello para a súa aprobación inicial, enmienda ou devolución previo informe do mesmo pola Comisión Informativa correspondente.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.